



CONCELLO DE TOQUES

Lugar da Soño
15806 - Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Telf: 981 505 826 Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO MUNICIPAL

Miguel A. Buján Varela, alcalde presidente do concello de TOQUES;

FAGO SABER:

Que este concello aprobou no seu día unha ORDENANZA MUNICIPAL, de obrigado cumprimento, sobre a necesidade de contar con autorización municipal, e depósito de fianza, para todos aquelas empresas madeireiras que fagan traballos de corta e saca de madeira dentro do termo municipal.

Á vista de quese está a incumprir sistematicamente esta ordenanza, e que as empresas fan caso omiso das advertencias sobre esta norma, e tendo en conta que as vías municipais por onde transitan as máquinas e camións que fan as labores de corta e saca das madeiras quedan, moita veces, deterioradas, sen limpar e con importantes desperfectos, faise necesario adoptar medidas para tratar:

----Os titulares de parcelas que vendan madeira, terán a obriga de solicitar do comprador o correspondente permiso municipal e xustificante da fianza, para, de se lo caso, responder dos danos que se poidan ocasionar con motivo dos traballos de corta e saca.

----O concello poderá reclamar vía de apremio, aos titulares das parcelas obxecto da corta, os gastos que se ocasionen na reparación dos desperfectos, sempre e cando a empresa que comprou a madeira non teña a autorización municipal e a fianza depositada. No seu defecto solicitarase do propietario a identificación do comprador (que ten que ter autorización do concello e a fianza depositada).

----Igualmente o propietario ou a empresa, quedan obrigados a retirar todas as polas e ramallos que caian as vías públicas.

----Lémbrase tamén a obrigatoriedade de dar cumprimento ao establecido na Lei sobre a distancias de árbores e plantacións que se deben manter ás cunetas e ás vías públicas.-

O que se fai público para xeral coñecemento.-

Toques, 26 de maio de 2020

O ALCALDE,


